



**Asunto:**

Traslado da Sede CRA Ponte da Pedra

O director do CRA Ponte da Pedra pon no seu coñecemento:

Dende fai décadas, as actuais instalacións da Sede do CRA Ponte da Pedra veñen sufrindo unha falta absoluta de mantemento debido ao seu abandono por parte do Concello de Carballo

Dende o ano 2016 veño denunciando ante o Concello de Carballo a caída de tellas, xanelas, cascallos e partes da fachada, sendo o estado actual das instalacións "semiruinoso".

Neste período, a miña maior preocupación sempre foi, e continúa sendo, a integridade física da comunidade educativa.

A Xefatura Territorial da Coruña ven de comunicarnos a instrución de trasladar a Sede do CRA Ponte da Pedra a antiga Escola de Gontade.

Como director do CRA Ponte da Pedra, entendo a necesario este traslado, pero non comporto a decisión da nova ubicación na antiga Escola Infantil de Gontade, pola seguintes razóns:

**1º.- Empeoramento do servizo ás familias.**- O alonxamento da Sede das Escolas que conforman o CRA, repercutre negativamente en todas as familias que se achegan a sede realizar os pertinentes trámites administrativos, así como entrevistas coa orientadora, imposibilitando unha fluidez normal dado o afastamento desta, así como das posibles familias que desexen a súa escolarización.

**2º.- Risco de accidentalidade laboral.**- Este alonxamento provocará que o profesorado pase de realizar 631 km. semanais a máis de 1100 km. semanais, case duplicando os km e triplicando o tempo estimado das itinerancias, o que implica aumentar o risco de accidentes de tráfico do profesorado do CRA de forma totalmente innecesaria e inxustificada.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Colexio Rústico Agrupado "Ponte da Pedra"

C.R.A. PONTE DA PÉDRA  
Rúa Vázquez de Parga 110, Bloque 2 - 1º D  
15100 Carballedo  
Tel: 981 70 34 03 & 981 70 34 03  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepepedra/>  
cra.ponte.pedra@edu.xunta.es

**3º.- Redución de horas lectivas por tempo de desprazamento.**- Este alonxamento tamén provocará que o profesorado itinerante que pasa unha media de 3 horas semanais conducindo, pase conducir case o dobre de tempo, o cal implicará que se reducirá significativamente o tempo de atención ao alumnado

**4º.-Redución de horas lectivas por kilometraxe.**- O aumento da kilometraxe do profesorado itinerante, implica segundo esta estipulado laboralmente a redución da súa xornada lectiva, que actualmente xa se reduce en 23 horas e que pasaría a reducirse en 30 horas, polo que isto agrava aínda máis a reducción da atención ao alumnado.

Esta redución de horario lectivo conleva co persoal do que dispón actualmente a imposibilidade de desenvolver proxectos tales como o de Seccións Bilingües que se están a desenvolver nas escolas de Sísamo e Berdillo

Así mesmo, e tendo en conta que o CRA Ponte da Pedra conta con 9 escolas das cales 7 teñen alumnado de educación infantil, con un so mestre de apoio de catálogo (20 horas lectivas na actualidade), esta redución horaria implicaría un empeoramento substancial da calidade do ensino do alumnado de educación infantil.

Pero esta situación verase agravada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, xa que os profesionais de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, son os que máis itineran no CRA e polo tanto os seus alumnos serán os que sufren máis a perda de horas de atención individualizada.

**5º.-Custo de adaptación na nova sede.**- A nova sede debe ser totalmente reacondicionada para poder dar os seus servizos en condicións, xa que non posúe internet de alta velocidade, nin espazos diferenciados para garantir a confidencialidade dos expedientes, alarma, informes do departamento de orientación e conversas coas familias, así como unha nova instalación eléctrica e sistema de calefacción.

**6º.-Aumento das eivas organizativo-pedagóxicas.**- O alonxamento da Sede das Escolas supón a imposibilidade temporal dos titores para achegarselle á sede para realizar as labores de organización pedagólica, coordinación horizontal , búsqueda de recursos e materiais que se atopan centralizados na sede, etc,...

Así mesmo suporá un eiva para o establecemento dun horario de gardas, o que podería supor chegado o caso na suspensión dalgúnha actividade lectiva temporalmente.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Colexio Buntal Agrupado Ponte da Pedra"

C.R.A. PONTE DA PEDRA  
Rúa Vázquez de París 119, bloque 2 - 1º D  
15100 Carballo  
Tel: 981 70 34 03 || 981 70 34 03  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepeдра>  
cra.ponte.pedra@edu.xunta.es

Chegado este momento, e ante a **inacción do Concello de Carballo** e a falta de opcións por parte do mesmo **véxome na obriga de trasladar a Sede do CRA Ponte da Pedra á antiga escola de Gontade**, seguindo as instrucións da Xefatura Territorial da Coruña, e en pro da seguridade da comunidade educativa, a pesar da ineficiencia deste traslado en termos económicos e de calidade educativa, máxime cando a sede actual pode ser reconstruída, ou ben buscar un emprazamento temporal ata dito momento.

En Carballo, a 21 de marzo de 2018.

  
Asdo: Jesús Ramón Prado Lorenzo

Praza do Concello, s/n  
Teléfono 981 70 41 00  
15100 CARBALLO  
A Coruña

CONCELLO DE CARBALLO	
Nº Rexistro: ..... 3.590 .....	
DATA: 12 JUL. 2001	
S A I D A	



**Notificación:<R-2001/00963>  
<COLEXIO RURAL AGRUPADO. DTº CONCESION LOCAL>**

**MESTRAS DO COLEXIO RURAL AGRUPADO  
CARBALLO**

Comunicolle que o ALCALDE, en data 12 de julio de 2001 dictou a seguinte resolución:

En vista da petición das representantes das Esolas Unitarias deste concello,

**RESOLVÍN:**

1. Adxudicar, para ubica-la sede do Colexio Rural Agrupado, un local no 1º dereita do 2º Bloque das vivendas para maestros sita na rúa Vázquez de Parga.
2. Asimesmo resolvín asumi-lo compromiso do mantemento do local.

**RECURSOS**

Contra esta resolución pode interpor **recurso de reposición** ante este Concello no prazo dun mes, previo e potestativo ó **Contencioso-Administrativo** ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, contados a partir do dia seguinte ó da recepción da presente notificación. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que considere convinte ó seu derecho.

A que comunico para os efectos oportunos.

Carballo, 12 de julio de 2001

